



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Prácticum	Código	652536017	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Consultar Plan de Practicum			
Plan de contingencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Traballo tutelado *Metodoloxías docentes que se modifican Na medida do posible o alumnado procurará incorporarse á práctica do equipo de dirección que se desenvolva no seu centro de destino de xeito virtual. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Realizarase utilizando correo electrónico ou Microsoft Teams 4. Modificacións na avaliación No caso de disminuir ou perder a presencialidade no centro de Practicum, valorarase a necesidade de substituír a presenza no centro por un suposto práctico que prantexará o titor académico do alumno/a. *Observacións de avaliación: A Memoria de Practicum, complementarase, se fose preciso, co suposto práctico e o conxunto de ambas supoñerá o 100% da puntuación. Si o alumno/a ten a oportunidade de compartir as prácticas virtuais co equipo de dirección do seu centro, esta pode ser o obxecto da súa memoria de Practicum. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A34	E34: Describir situacións que suceden nun centro docente en relación coa súa dirección.
A35	E35: Interpretar e analizar o modelo de dirección seguido nun centro docente.
B2	CB7: Que o estudiantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B7	G2: Facilitar a mediación, xestión e resolución de conflitos, fomentando a non violencia, a prevención da conflictividade e a convivencia.
B8	G3: Liderar e fomentar o traballo en equipo.
B9	G4: Xestionar o cambio e a innovación.
B10	G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.
B11	G6: Controlar e supervisar centros educativos.
B12	G7: Motivar a equipos de profesionais da educación.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
B14	G9: Dirixir estratexicamente: planificar, implementar e avaliar plans e proxectos dos centros educativos.
B15	G10: Promover a formación do profesorado e a creación de redes de aprendizaxe colaborativo intra e interinstitucionais.
B16	G11: Integrar coñecementos e perspectivas para exercer a función directiva de maneira informada, xusta, crítica, comprometida, democrática, distribuída e solidaria.
B19	G14: Ensañar e avaliar formulacións de ensino disciplinares ou interdisciplinares en contextos educativos reais, e promover propostas de mellora en relación cos resultados obtidos.



B20	G15: Diseñar un proxecto de dirección.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C6	T6: Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	T9: Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Ao terminar con éxito esta materia, o estudiantado será capaz de:		AM34	BM2 CM1
-Apreciar o desenvolvemento da dirección nos centros docentes.		AM35	BM3 CM3
-Interpretar o sucedido no centro docente en relación coas diferentes materias do mestrado.			BM4 CM4
-Analizar o significado das experiencias da dirección dos centros docentes a nivel profesional.			BM6 CM6
-Relatar a súa experiencia nunha memoria.			BM7 CM7
			BM8 CM8
			BM9 CM9
			BM10
			BM11
			BM12
			BM13
			BM14
			BM15
			BM16
			BM19
			BM20

Contidos	
Temas	Subtemas
Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados coa dirección, xestión e innovación de institucións escolares e as labores inherentes a elas.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A34 B2 B3 B4 B6 C1 C3 C4 C8 C9	0	34	34
Saídas de campo	A35 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 C6 C7	100	0	100



Lecturas	B6 B16 C8	0	4	4
Seminario	A35 B3 B6 B16 C8	2	0	2
Análise de fontes documentais	A35 B3 B6 B16 C8 C4	0	10	10
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Consiste nunha memoria que o alumnado entregará contendo os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno no periodo de prácticas.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Cada alumno/a contará cunha persoa titora no centro de prácticas e outro/a na Facultade.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A34 B2 B3 B4 B6 C1 C3 C4 C8 C9	Consiste nunha memoria que o alumnado entregará contendo os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno no periodo de prácticas.	60
Saídas de campo	A35 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 C6 C7	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.	40

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías